



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Xacobeo 2021



Concello de
Salceda
de Caselas



Concello
As Neves

galicia

Servizo de Atención Temperá
Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020
“O FSE inviste no teu futuro”

Salceda de Caselas e As Neves

As subvencións ás entidades locais para a prestación de servizos no marco da Rede galega da atención temperá están cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

O obxectivo (O.T.9) é promover a igualdade, a saúde e a inclusión social mediante un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, a súa familia e contorno, co fin de facilitar a súa autonomía persoal e a dita inclusión.

SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ (SAT)


CONCELLO DE AS NEVES

Días de atención: Luns e mércores

Centro de Servizos Sociais
(Marquesa do Pazo, 22, 36440, As Neves,
Pontevedra)

TELÉFONO DE

CONTACTO: 680 400 979



CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

Días de atención: De luns a venres

Centro de Servizos Sociais
(Rúa Compostela 6, 36470, Salceda de
Caselas, Pontevedra)



Que é a Atención Temperá?

Trátase dun conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu entorno. Ten por obxectivo dar resposta, o antes posible, ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecerlos.

Cal é a túa dúbida?
ACHÉGATE!

A publicación do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá, significou un punto de inflexión na consideración da Atención Temperá. Dende o 2 de Setembro de 2019 os concellos de Salceda de Caselas e As Neves, contan cun servizo de atención temperá no seu concello. A fin de entender que é e quen pode acudir, resolvemos dúbidas xerais.

Que é a Atención Temperá?

Enténdese a atención temperá como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

A quen se dirixe a Atención Temperá?

Aos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastorno do desenvolvemento ou en situación de risco de padecelos, ás familias e á contorna empadroados no Concello de Salceda de Caselas ou As Neves.

Quen pode informar dunha sospeita de trastorno de desenvolvemento nun neno?

As propias familias, as escolas infantís, os servizos sociais comunitarios ou outras instancias que traten co menor e coa familia.

No caso de que a sospeita sexa fora da familia, debe informarse á mesma para que acudan ao servizo de pediatría.

A onde debo dirixirme para obter mais información?

- Ao servizo de pediatría que derivará no caso de que considere a Unidade de AT.
- Aos servizos sociais dos concellos de Salceda de Caselas e As Neves.
- Aos servizos de orientación dos centros educativos nos que esté matriculado o neno ou nena.
- Ao servizo de atención temperá dos Concellos de Salceda de Caselas e As Neves, chamando o teléfono **680.400.979**, atenciontemprana.salceda@acesca.com ou acudindo a:

* Centro de Servizos Sociais (Rúa de Compostela 6, 36470, Salceda de Caselas).

* Centro de Servizos Sociais (Rúa Marquesa do Pazo, 22, 36440, As Neves).

Atentamente, o equipo de Atención Temperá do Concello de Salceda de Caselas e As Neves.